

III BOLSA DE ESTUDOS DE POSTGRAO “PORTO DE VILAGARCÍA”

A Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa Ría vén de convocar, ó abeiro do Convenio de colaboración subscrito coa Universidade da Coruña a III BOLSA DE ESTUDOS DE POSTGRAO “PORTO DE VILAGARCÍA”, que se rexerá polas seguintes bases.

1^a.- OBXECTO. O obxecto desta convocatoria se centra na concesión dunha bolsa de matriculación para asistir ó Master en Administración Marítima e Xestión Portuaria, que o Instituto Universitario de Estudos Marítimos (<http://www.udc.es/iuem/master.html>) da Universidade da Coruña impartirá durante o próximo curso 2008-2009.

Por outra banda, a Autoridade Portuaria de Vilagarcía facilitará, se fora o caso, que as prácticas correspondentes ó Master sexan realizadas no propio Porto de Vilagarcía durante o tempo que corresponda, segundo a planificación prevista no propio curso polo centro organizador.

2^a.- DOTACIÓN. A bolsa cobre na súa totalidade o importe da matriculación que dá dereito á participación neste Master, cuxa tramitación e formalización será realizada a través desta Autoridade Portuaria.

Non está cuberto ningún outro gasto que puidera carrexar a participación no Master (desprazamento, manutención, etc).

3^a.- ÁMBITO. O Master está dirixido a licenciadas/os universitarias/os das últimas dúas promocións que naceran ou teñan o seu enderezo habitual en calquera municipio da Ría de Arousa.

A convocatoria está orientada principalmente, por orden de preferencia, a licenciadas/os nas seguintes titulacións:

Administración de Empresas
Dereito
Económicas e Empresariais
Mariña Civil
Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos
Enxeñaría Naval e Oceánica
Ciencias do Mar
Ciencias Políticas
Socioloxía

Non obstante o exposto, a anterior clasificación deberá conxugarse coa valoración obxectiva dos méritos achegados polos solicitantes, acudíndose a esta en caso de empate.

4ª.- VALORACIÓN. A selección da/do adxudicatario/a da bolsa de matriculación realizarase por medio dunha valoración obxectiva dos méritos aportados por todas/os as/os aspirantes, a través dun xurado presidido polo Presidente da Autoridade Portuaria e actuando como vogais o Director e o Xefe de departamento de RR.HH.. Actuará como secretaria do mesmo, con voz pero sen voto, a secretaria do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía.

5ª.- PRAZO. As/os aspirantes dirixirán as súas solicitudes ó presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, antes das 14 horas do día 25 de setembro do presente ano 2008 no seu rexistro xeral (Peirao de Pasaxeiros, 1. Vilagarcía de Arousa), indicando no sobre Master en Administración Marítima e Xestión Portuaria, tendo que conter as razóns que motiven a súa solicitude de participación no Master, así como unha copia da súa titulación ou estudos, expediente académico, situación laboral e outros méritos ou cuestións que considere deben terse en conta na súa candidatura, ademais dos seus datos persoais e un teléfono de contacto.

6ª.- FALLO. A decisión do xurado cualificador tomarase por maioría de votos e anunciarase antes do día 30 de setembro, a través dos medios informativos de Vilagarcía de Arousa e a páxina web do Porto de Vilagarcía (www.portovilagarcia.com), podendo quedar deserto se así o considerase o xurado cualificador.

7ª.- NORMATIVA APLICABLE. A participación nesta convocatoria presupón a aceptación expresa das súas bases en todos os puntos.

O xurado resolverá calquera dúbida sobre a interpretación destas bases e as súas decisións serán inapelables.

Vilagarcía de Arousa a 12 de setembro de 2008.

O PRESIDENTE,

Javier Gago López